



MOCIÓN SOBRE A INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA OFERTA MUNICIPAL DE EMPREGO PÚBLICO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro das accións para lograr unha plena e efectiva integración social das persoas, independentemente de calquera outra consideración, o acceso a un posto de traballo constitúe unha prioridade polo que significa de satisfacción dunha necesidade básica como é a obtención de recursos que garantan un medio de vida e como forma para estimular un recoñecemento, tanto social como das propias capacidades. No caso das persoas con discapacidade, esa prioridade da integración adquire se cabe un carácter máis esencial, debido a unha inxusta consideración social e a seren historicamente postergadas dunha forma especialmente evidente e grave no plano laboral.

Os poderes públicos levan anos tratando de situar esta prioridade na axenda política, propiciando medidas legislativas e normativas que favorezan a integración, especialmente daqueles colectivos con máis dificultades para o acceso ao mundo laboral, como as persoas con discapacidade, un grupo vulnerable e numeroso, ao que –como mencionamos– a sociedade tradicionalmente situou nun posición de exclusión, restrinxindo –cando non ignorando– os seus dereitos de liberdade, de igualdade e de dignidade.

A pesar dos innegables avances sociais que se teñen acadado nos últimos anos, tanto na esfera das empresas privadas como, sobre todo, no ámbito da función pública, existen aínda moitos atrancos que dificultan a integración social que preconiza o dereito constitucional para as persoas con discapacidade e cuxa responsabilidade lle corresponde en primeiro lugar aos poderes públicos, promovendo accións e políticas que eliminen as barreiras que dificulten ou impiden aqueles atrancos.

Se as persoas con discapacidade constitúen aínda un colectivo marxinado no ámbito laboral, as persoas con discapacidade intelectual padecen unha dificultade engadida para a súa integración, derivada das súas propias limitacións no funcionamento intelectual que raramente atopan nin o apoio específico na súa formación ni a axuda extraordinaria que precisarían.

Hai escasos meses, a Xunta de Galicia deu a coñecer a adopción dunha medida laboral dirixida a persoas con discapacidade intelectual: a creación de prazas na oferta de emprego deste ano reservadas para este colectivo, seguindo o disposto no RD Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e de conformidade co contido dun convenio asinado o pasado ano con representantes de Down Galicia e da Federación Galega de Asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (FADEMGA), para facilitar a súa inserción laboral na Administración Autonómica.



Na Oferta de Emprego Público do Concello de Santiago para este ano 2017, seguindo tamén o recollido no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, contéplase a reserva dunha única praza de administración xeral para persoas con discapacidade, con carácter xeral e sen determinar ningún tipo.

Como queira que, no caso de convocatorias realizadas para persoas con discapacidade intelectual, faise preciso unha adaptación específica do temario e das probas de acceso, desde o Grupo Municipal Popular propoñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- ***Que o Concello de Santiago elabore un estudo dos diversos postos de traballo recollidos na RPT para determinar cales poden ser cubertos por persoas discapacitadas, en función da discapacidade e das tarefas a desempeñar, como traballo previo para futuras ofertas públicas de emprego, e en especial para aquelas persoas con discapacidade intelectual, dada a distinción que se fai no Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP). Todo iso, en colaboración coas entidades representativas máis directamente implicadas, ao igual que para promover a necesaria adaptación do temario, das probas de acceso e, chegado o caso, do posto de traballo, para facilitar a inserción laboral destas persoas.***
- ***Que o Concello de Santiago teña en conta, á hora de elaborar as listas para substitucións, a reserva de prazas para persoas con discapacidade, en función da discapacidade e das tarefas a desempeñar, ampliando así a obriga recollida no artigo 59 do Texto refundido do EBEP.***

Santiago de Compostela, a 24 de abril de 2017

María José Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela